



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE BOLSAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE AO ESTUDANTADO DO CAMPUS DE OURENSE QUE TEN ADXUDICADA UNHA PRAZA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS ESTUDOS KA131 NO CURSO 2023-24

Publicada a resolución reitoral do 31 de outubro coas listaxes provisionais de estudantado beneficiario dunha bolsa complementaria da Deputación de Ourense e finalizado o prazo de presentación de alegacións, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro: Conceder as 14 bolsas complementarias da Deputación de Ourense que se relacionan no anexo I ao estudantado seleccionado do campus de Ourense.

Segundo: Establecer unha listaxe de agarda no anexo II, no caso de renuncias.

O pagamento das axudas realizarase na conta do estudantado beneficiario da que é titular:

- No caso do estudantado que iniciou a súa estadía no primeiro cuadrimestre, unha vez recibido na ORI o certificado de chegada.
- No caso do estudantado que inicie a súa estadía no segundo cuadrimestre, trala confirmación da aceptación da universidade de destino. De non contar coa aceptación antes do 15 de decembro de 2023, tramitarase o pagamento unha vez recibido o certificado de chegada no 2024.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR

Por delegación, R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño